



ANEXO III

MODELO DE CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

AXUDA

Referencia: EM2014/056

Título: Novas estratexias na procura de metalofármacos anticancro.

CENTRO: Facultade de Ciencias

OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica, encamiñadas cara a realización dunha Tese de Doutoramento

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Laboratorio da Área de Química Inorgánica; Luns a venres de 9:00-14:00 / 15:30-18:00

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado Investigador en formación Técnico de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación Técnico administrativo Axudante administrativo

XORNADA

Tempo Completo: Tempo Parcial:

DURACIÓN

24 meses

DATA APROX. DE INICIO

1/05/2015

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1368.50 €/mes

PARTIDA ORZAMENTARIA: 6100.242404.541A.649.02.00.

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado ou Graduado en Química

EXPERIENCIA: Experiencia demostrada en tarefas de investigación no campo da Química Organometálica, relacionadas principalmente coa obtención de compostos ciclometalados e de coordinación de Pd e Pt.

OUTROS REQUISITOS: Ver a memoria que se achega.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Por correo electrónico a d.vazquezg@udc.es

PRAZO: 10 días a partir da publicación

CRITERIOS E ÓRGANO DE SELECCIÓN

CRITERIOS: Seleccionarase ao solicitante que se axuste mellor aos requisitos e perfil do proxecto (ver a memoria que se achega.) De ser preciso, farase unha entrevista persoal aos candidatos.

ORGANO: Investigador principal do proxecto (Dra. Digna Vázquez García)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG



A Coruña/Ferrol, 14 de xaneiro de 2014

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Digna Vázquez García

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCQO e CIG*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO PROXECTO

Título: Novas estratexias na procura de metalofármacos anticancro.

Referencia: EM 2014/056.

Investigador Principal: Digna Vázquez García.

DETALLES DA CONVOCATORIA

Tarefas a realizar.

As tarefas a realizar polo beneficiario/a do presente contrato serán de investigación, encamiñadas cara a realización dunha Tese de Doutoramento. Consistirán, nunha primeira etapa, no desenvolvemento de novos compostos de coordinación e organometálicos derivados de metais nobres; e nunha segunda etapa, partindo dos compostos de coordinación obtidos na primeira etapa e en particular aqueles que posúan dúas posicións *cis*- lábiles en torno ao metal, na preparación de metalociclos autoensamblados con ligandos derivados de 4,4'-bipiridinio e 2,7-diazapirenio . No que se refire á aplicabilidade práctica dos compostos preparados, abordárase o estudo do potencial destes derivados como axentes anticancro.

Xustificación da duración do contrato.

O tempo estimado para desenvolver este traballo é de 24 meses, e comprenderá as seguintes etapas:

- Etapa 1 (8 meses): Deseño de novos compostos organometálicos e de coordinación de metais nobres derivados de ligandos orgánicos, principalmente bases de Shiff, ligandos hidrazona e carbenos.
- Etapa 2 (10 meses): Síntese dos metalociclos autoensamblados.
- Etapa 3 (6 meses): Levaranse a cabo estudos de medidas de citotoxicidade, interacción con ADN e, de ser posible, cristalización aductos complexo-ADN e estudo mediante difracción de raios-X dos compostos obtidos.

Requisitos dos candidatos.

- Titulación académica de Licenciado ou Graduado en Química.
- Estar matriculado nun programa de doutoramento do Sistema Universitario de Galicia no ámbito da química no curso académico 2014/2015.

Criterios de selección.

- Estudos de Máster. Valorarase o expediente académico de Mestrado, con media de expediente mínima de 7 sobre 10.
- Experiencia demostrada mínima dun ano en tarefas de investigación no campo da Química Organometálica, relacionadas principalmente coa obtención de compostos ciclometalados e de coordinación de paladio e platino.
- Experiencia demostrada no uso das técnicas para a determinación estrutural máis apropiadas e dispoñibles en cada caso, tales como as espectroscopias de RMN (^1H , ^{13}C , ^{31}P , $^1\text{H}-^1\text{H}$ e $^1\text{H}-^{13}\text{C}$), de UV-V e de IR, condutividade, espectrometría de masas e, en casos en que se obteñan monocristais adecuados, a difracción de RX de monocristal.
- Entrevista persoal.